

2023/2024

# PLAN DE CONVIVENCIA

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

•

**CEP PLURILINGÜE SANTA MARIÑA**

## **.1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**

A escola é un lugar privilexiado de convivencia. É un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de coñecemento dos outros e de descubrimento do mundo. Na escola reproducense as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos. É, sen dúbida, un obradoiro insuperable onde aprender a convivir.

Os nenos e nenas que medren, aprendan e maduren xuntos nun ambiente educativo de sa convivencia, serán cidadáns/ás capaces de asumir as diferenzas, respectar aos demais, dialogar e convivir. Acadar un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída, aberta e sincera entre todos os membros da Comunidade Educativa debe ser, para todos, obxectivo prioritario.

Así pois consideramos fundamental que se respire no noso Centro un clima de convivencia harmónico, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos nos sintamos seguros e respectados. Para tal fin deberemos proxectar e desenvolver no noso alumnado valores humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia, proporcionando, desde esta perspectiva, un servizo educativo de calidade.

O Plan de Convivencia ten por finalidade favorecer propostas educativas dirixidas a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe e dinamizar a cohesión e as relacións internas de cada grupo entre si e a interrelación cos demais membros da comunidade.

## **.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN INICIAL**

### **.2.1 O CENTRO E O SEU CONTEXTO**

#### **Contorno físico. Poboación.**

O CEP “Santa Plurilingüe Mariña” de Redondela está situado nas aforas do núcleo urbano de Redondela, na rúa da Marisma nº 2 . Atópase nunha paraxe onde hai instalacións deportivas do Concello, varios centros de ensino (Infantil, ESO: “Illa de San Simón” e dous IES-Mendiño e Pedro Floriani), unha gardería, o Instituto Social da Mariña, o Centro Depurador de Augas Residuais, un Centro de saúde e unha zona escampada.

A vila de Redondela está situada ao Sur da provincia de Pontevedra, na marxe esquerda da Ría de Vigo, nun ámbito semiurbano e costeiro. Está ben comunicada coas cidades de Pontevedra e Vigo, preto do aeroporto de Peinador. O municipio conta cunha poboación aproximada duns 30.000 habitantes, repartida nas diversas parroquias rurais e mariñeiras que o conforman (Redondela, Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Chapela, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde, Trasmañó, Ventosela, Vilar de Infesta, Vilavella e O Viso).

#### **Contexto socio- económico e cultural.**

Economicamente Redondela susténtase no sector servizos, no traballo mariñeiro e agrícola (este de autoconsumo), na conserveira e na de subministro de automóbiles. Tamén responde en parte Redondela ao tipo de cidade-dormitorio.

Como servizos sociais e culturais relacionados co centro, esta vila ofrece asistencia social, biblioteca, auditorio, centro recreativo, Conservatorio. Hai numerosas asociación veciñais, de mozos, ecoloxistas, deportivas, feministas, etc.

Redondela mantén vivas tradicións e festas propias, nas que participan habitualmente alumnos/as do centro educativo (magosto, Entroido, Maios, Letras galegas, Corpus-Coca, Choco, entre outras).

## **Características singulares do Centro.**

O CEP “Santa Plurilingüe Mariña” é un centro escolar de titularidade pública e depende da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. As ensinanzas impartidas comprenden a totalidade da educación primaria.

O centro conta con 18 unidades creadas e en funcionamento.

Pertence á zona educativa de Vigo e figura adscrito ao IES “Illa San Simón” e a este centro está adscrita a EEI “A Marisma”.

## **.2.2 SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO**

Podemos afirmar que o clima do centro e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, alumnado, familias), como entre eles (profesorado-alumnado, profesorado-familias,...) é, en xeral, correcto e respectuoso.

### **.Respecto das familias**

As familias relaciónanse co centro fundamentalmente a través dos titores/as, que convocan aos pais/nais, ben colectivamente (cando menos unha vez ao ano e a principios de curso), ben individualmente ao longo do mesmo, segundo o procedemento establecido na PAT.

Tamén se realiza unha reunión xeral no mes de setembro, convocada pola dirección, na que se proporciona toda a información referente á organización e funcionamento do centro.

Existe unha ANPA que, a través da súa xunta directiva, mantén un estreito contacto coa dirección do centro e unha actitude favorable de colaboración.

Tamén dispomos dunha páxina web e a plataforma Abalar polas que se envía información ás familias do alumnado.

De calquera asunto significativo relativo á conduta dalgún alumno/a, os pais/nais teñen inmediato coñecemento, ben por escrito ou por teléfono. A resposta das familias a este respecto é, en xeral, pronta, receptiva e de colaboración.

### **.Respecto do profesorado**

O clima de traballo entre o profesorado é dunha interrelación cordial, ás veces con criterios e propostas pedagóxicas diferentes, pero cunha actitude aberta, de respecto, participación e colaboración que axuda a superalas dificultades e diferenzas.

### **Respecto do persoal non docente**

O persoal non docente do Centro está composto por un conserxe, un administrativo e dúas empregadas da limpeza. Existe unha actitude de colaboración, respecto e consideración tanto co profesorado como co alumnado e familias.

### **Respecto do alumnado**

Ver enquisas nos anexos.

## **.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA**

O plan de convivencia debe contribuír á consecución dos seguintes obxectivos:

a) Facilitar instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorar e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro docente.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relación con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

#### **.4.- DESCRICIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**

##### **.4.1.- Actuacións, medidas ou programas para desenvolver a convivencia:**

- a) Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

- b) Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- a) Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia incluíndo a difusión de normas e acción de sensibilización e protocolos de detección temperá.
- b) Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situación de acoso escolar.
- c) Medidas para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir.
- d) Medidas que fomenten o diálogo e a cultura da paz.

#### **.4.2.- Actuacións preventivas e para a detección da conflictividade.**

- a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia.
- b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situación de violencia de xénero.
- d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

### **.4.3.- Concreción de medidas de convivencia**

Entre as actividades que se levan a cabo destacamos as seguintes:

\* **Formación e actuación de alumnado mediador** de 4º a 6º co fin de resolver pequenos conflitos entre o alumnado. Os mediadores non deben tomar partido nin a favor nin en contra de ninguén e os que se someten a mediación teñen que respectar o quenda de palabra, non insultar e dicir a verdade. Cando non é posible o entendemento intervén un profesor.

\* **Charlas de seguridade de internet** para alumnado de 5º de E. Primaria e para os pais e nais.

\* **Sociograma** co alumnado para posteriormente levar a cabo **programas de habilidades sociais** en función dos resultados (xuntase anexo de habilidades sociais).

\* **Xornadas de Educación Viaria** impartidas pola DXT en colaboración coa policía local onde participa todo o alumnado do centro.

\* **Saídas culturais** por niveis durante todo o día para favorecer a convivencia do alumnado, ademais dos obxectivos didácticos das mesmas.

\***Xornadas de convivencia** de todo o centro en datas concretas:

- Magosto. Realización de xogos populares e degustación de castañas (participación de alumnado, profesorado e algunhas familias).
- Día da violencia de xénero. Onde se levan a cabo diferentes actividades nas que participa todo o alumnado cara a mostrar o rexeitamento da violencia de xénero.
- Nadal. Panxoliña ou actividade na que participe todo o alumnado e profesorado do centro ademais da recollida de alimentos na que participa toda a comunidade educativa.
- Día da Paz. Canción recitada por todo o alumnado e profesorado do centro ademais doutras actividades.



- Entroido. Desfile polo pobo de todo o alumnado e profesorado do centro coa colaboración da ANPA.
- Mes da diversidade (abril) Con diferentes actividades de todo o alumnado e profesorado cara a facer visible a diversidade e a inclusión.
- Mes do libro (abril). Realización de diferentes actividades para o fomento da lectura onde participa toda a comunidade educativa do centro xunto coa de outros centros da localidade. Actividades de lectura compartida, contacontos, quedada literaria, etc.
- Letras Galegas. Diferentes actividades para traballar o autor. Poderá haber un festival onde participa todo o alumnado final de ciclo ou, no seu lugar, poderá haber unha actividade na que participen familias e alumnos.
- Festa fin de curso da ANPA na que participa alumnado e profesorado
- Participación en distintas modalidades nos Contratos Programa Inclúe (Inclúe-t e Convive-t).
- Participación no Proxecto Educación Responsable.

## **.5.- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación de acordo co artigo 30 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

O protocolo presenta a seguinte estrutura:

- I) Introducción
- II) Pautas para a identificación do acoso escolar: criterios, tipos e consecuencias.
- III) Protocolo de actuación.
  - Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.

- Segunda fase. Recollida de información . Rexistro.
  - Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.
  - Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro.
- IV) Estratexias de prevención: organizativas e de prevención no centro e de prevención na aula.
- V) Ciberacoso: definición, criterios de identificación, tipos, protocolo de actuación e estratexias preventivas.
- VI) Responsabilidade do centro: aspectos xurídicos e particularidades xurídicas do ciberacoso.
- VII) Información de interese.
- VIII) Anexos (os anexos III e IV foron adaptados polo centro)

## **.6.- ASPECTOS FORMAIS DOS PROCEDEMENTOS CORRECTORES**

Segundo o artigo 37 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

\* No exercicio das función de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito.

\* O documento de constatación de feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e deberá conter os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da acción ou omisión.
- b) Descrición da acción ou omisión.
- c) Norma infrinxida.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do alumno/a e dos proxenitores ou representantes legais.
- e) De ser o caso, persoas que presenciaron a acción ou omisión.

f) Identificación e sinatura do docente que elabore o documento.

\* A incoación do procedemento notificarase ao pai/ nai ou titor/a legal do alumno/a con indicación da conduta e as correccións. Tamén se comunicará á Inspección Educativa.

\* As citacións aos proxenitores ou representantes legais do alumno/a realizaranse por calquera medio de comunicación que permita deixar constancia de terse realizado e da súa data.

\* A non comparecencia dos proxenitores ou representantes legais non impedirá a continuación do proceso de corrección.

\* As comparecencias dos pais/ nais ou representantes legais son obrigatorias e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes.

\* A resolución do procedemento notificarase ao pai/nai ou representante legal nun prazo de doce días lectivos desde que se coñeceron os feitos que deron lugar á incoación do procedemento e comunicarse tamén á Inspección Educativa.

## **.7.- DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Segundo a lei 4/2011 do 30 de xuño.

### **.7.1 DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO**

#### **.7.1.1.- DEREITOS DOS ALUMNOS (Artº 7 )**

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra a situación de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

#### .7.1.2.- DEBERES DOS ALUMNOS (Artº 7)

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
- b) Respetar a dignidade e as función e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalación e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do seu centro.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

## **.7.2 DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO**

### **.7.2.1.- DEREITOS DO PROFESORADO (Artº 8)**

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) A protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

### **.7.2.2 .- DEBERES DO PROFESORADO (Artº 8)**

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no

caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situación de acoso escolar.

d) Informar ás nais e país ou os titores/as sobre o progreso da aprendizaxe dos seus fillos/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, se é o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

### **.7.3.- DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DOS TITORES/AS**

#### **.7.3.1.- DEREITOS**

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por a lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as ou pupilos/as.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

### .7.3.2.- DEBERES

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as ou pupilos/as.

## **.7.4.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS.**

### .7.4.1.- DEREITOS

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011.

#### .7.4.2.- DEBERES

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

### **.8.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS**

#### **.8.1.-PRINCIPIOS XERAIS**

Segundo decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Artº 32.- 1.- O centro porá especial énfase na prevención de condutas contrarias á convivencia.

2.- Nos procesos de corrección teranse en conta:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia.
- c) Contribuír a que o alumno/a corrixido/a asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relación con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3.- O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos.



- 4.- Nos casos en que sexa necesario realizárase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
- 5.- Garantíraselle ao alumnado vítima de situación de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación.
- 6.- Na imposición da corrección terase presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
- 7.- Ningún alumno/a poderá ser privado/a do seu dereito á escolaridade.
- 8.- Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- 9.- Os representantes legais do alumno/a deberán ter puntual información.

## **.8.2.- CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

Segundo o decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Artº 34.- Para a **gradación das medidas** correctoras previstas nos artigos 39 e 43 teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

Artº 35.- O alumno/a está obrigado a **reparar os danos que cause**, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos

informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos anteriormente neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artº 36.- **Ámbito de reparación.** Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolven fóra do recinto.

Poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten á outros membros da comunidade educativa.

### **.8.2.1.- CONDUCTAS LEVES**

Artº 42.- **Son condutas leves contrarias á convivencia:**

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando

non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da lei 4/2011.

- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

**Artº 43.- As condutas leves contrarias ás normas de convivencia do Centro poderán ser corrixidas con:**

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata diante da Xefa de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro por un período ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo do alumno por un prazo máximo dunha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinan para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Artº 44 - Serán competentes para decidir as correccións previstas no artigo anterior:

- a) Os profesores do alumno, oído este, as correccións que se establecen nas alíneas a) b) e c), do artigo 43 dando conta á Xefa de estudos.

- b) O titor do alumno, oído o mesmo, as correccións que se establecen nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43.
- c) A Xefa de Estudos e a Directora, oído o alumno e o seu profesor ou titor, as correccións previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43.
- d) A persoa titular da dirección do Centro, oído o alumno e a seu profesor/a titor/a, nas medidas establecidas nas alíneas g) e h), do artigo 43. A imposición destas medidas comunicarase á nai/ pai ou titor/a legal do alumno/a antes de que estas se fagan efectivas así como á comisión de convivencia do centro.

Artº 45.- O alumno, os seus pais ou representantes legais poderán presentar unha reclamación no prazo de dous días lectivos contra as correccións impostas correspondentes ás alíneas g) e h) do artigo 43), mediante escrito dirixido á Dirección do Centro.

Artº 56.- As condutas contrarias ás normas de convivencia no Centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán aos catro meses. No caso de conduta continuada o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

### **.8.2.2.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO**

Segundo o decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Artº 38. **Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro:**

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos de vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro de artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Artº 39.- As condutas enumeradas no artigo anterior poderán ser corrixidas con:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro durante un tempo superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Artº 40.- A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional. Non poderá proporse cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse. Será o xefe territorial tendo en conta o informe da Inspección quen autorice o cambio.

Artº41.- A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39 de conformidade ecos procedementos previstos no capítulo IV do título III do decreto 8 /2015.O alumno poderá ser readmitilo no Centro antes do remate do prazo previsto na corrección, previa constatación de que se produciu un cambio positivo na súa actitude.

Artº 56.- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán ao ano.

### **.8.2.3.- PROCEDIMENTO DE CORRECCIÓN DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO**

Segundo o decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Artº 46 .- A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes : conciliador ou común. A dirección do centro decidirá a instrución e o procedemento e informará ao profesorado titor/a do alumno/a corrixido/a e ao consello escolar quedando constancia no centro docente da corrección.

Artº 47.- A dirección do centro poderá acordar a apertura dun período de información previa no prazo de dous días lectivos desde que tivo coñecemento dos feitos e poderá adoptar as medidas correctoras

provisionais que considere convenientes como o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período non superior a tres días lectivos. Tendo en conta que sempre que sexa posible deberá intentarse a conciliación entre alumno/a e outros membros da comunidade educativa.

Artº 48.- No prazo de tres días lectivos desde que se tivo coñecemento da conduta a dirección do centro notificará por escrito aos pais/nais ou representantes legais do alumno/a a posibilidade de corrixila mediante procedemento conciliado e estes comunicarán por escrito no prazo dun día lectivo á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento. De non comunicárselle nada a dirección do centro aplicará o procedemento común.

Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar a dirección do centro designará unha persoa docente para que actúe como instrutor/a do procedemento corrector e terá as seguintes funcións:

- a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta e determinar a súa gravidade.
- b) Custodiar os documentos postos á súa disposición durante a instrución.
- c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e se procede as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.
- d) Propor á dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións considera que non procede corrixir a conduta.

A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificarase na forma prevista no artigo 37 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, números 3 e 7, e comunicárselle á Inspección Educativa.



Artº 49.- O procedemento conciliado poderá aplicarse cando o alumno/a responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta e estea disposto/a a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados que estes mostren a súa conformidade a acollerse a dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá:

- a) Cando a conduta presente unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando os pais/nais ou representantes legais do alumno/a non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando xa se fixese uso deste procedemento durante o mesmo curso escolar co mesmo/a alumno/a para corrixir unha conduta semellante.

Artº 51.- No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora que non substituirá á instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela e as súas funcións son:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Artº 52.- Cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado utilizarase o común que require da instrución dun procedemento corrector.

Artº 53.- A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento común, contados a partir da súa designación. Finalizada a instrución formulará a proposta de resolución e dará audiencia aos pais/nais

ou representantes legais deste/a, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Artº 54 .- Á vista da proposta da persoa instrutora, no procedemento común, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección tendo en conta:

- a) Feitos probados.
- b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A dirección do centro notificará por escrito aos proxenitores ou representantes legais do alumno/a a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta do instrutor/a e remitiráa á xefatura territorial.

As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia dos representantes legais do alumno/a.

Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

## **.9.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF) E NORMAS DE CONVIVENCIA**

### **.9.1.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)**

- ACCESO A ESPAZOS DIDÁCTICOS E INSTALACIÓNS: Para o bo funcionamento das clases, non se poderá acceder ás aulas, corredores, espazos didácticos ou ás instalacións do Colexio en horas lectivas (Orde do 22 de xullo de 1997, capítulo 3, art. 8.2).
- NORMAS DE ENTRADAS E SAÍDAS: A hora de entrada ao colexio é as 9:00 h. A porta do recinto escolar abrirase ás 8.58 h para a entrada do alumnado. As familias, para acceder ao centro, terán que agardar a que entre o alumnado.  
O portal pecharase ás 9:10 h., quen chegue con atraso pasará por secretaría e cubrirá un impreso de xustificación.  
A hora de saída do colexio é ás 14:00 h. A entrega realizarase na cancela por haber máis espazo. Excepcionalmente, os días que chova moito, a entrega farase no patio cuberto.  
Do atraso reiterado na hora da entrada, sen xustificación, aplicarase protocolo de **absentismo escolar**.
- ENTREVISTAS CON PROFESORES/AS: os martes de 18 a 19 horas. No caso de algunha urxencia ou imposibilidade de asistir nos días sinalados solicitar cita co titor/a. É necesario comunicar a visita con anterioridade e informar se é imposible acudir.  
Cando se precise falar co titor/a en horario de mañá non se pode subir directamente á aula, é preciso pasar previamente por Secretaría.  
No caso de querer solicitar entrevista con algún especialista dirixiranse antes ao titor/a.

- XUSTIFICACIÓN DE FALTAS DE ASISTENCIA: o alumno/a que falte ao centro por calquera motivo debe xustificar a súa falta no impreso correspondente, que se facilita en secretaría. Unha vez cuberto este polo pai/nai ou titor legal xustificando a falta, entregarao ao profesor/a titor/a achegándolle o xustificante de asistencia, nos casos de acudir a unha cita médica ou deber inescusable.  
Aplicarase protocolo de absentismo escolar cando un alumno/a falte a clase un mínimo dun 10% do horario lectivo mensual sen xustificación.
- SAÍDAS EN HORAS DE CLASE (citas médica, enfermidade, etc.): na Secretaría do centro o pai/nai do alumno/a solicitará o impreso correspondente. Cubrirao e asinarao o día anterior, e o alumno entregarao ao seu titor/a. Aconséllase que as saídas se fagan durante o recreo.
- UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL SANTA PLURILINGÜE MARIÑA. O alumnado do centro acompañado polo profesor de educación física correspondente empregará o pavillón municipal Santa Mariña para realizar as clases de Educación Física, dado que hai un só ximnasio e dous profesores de Educación Física.
- PLAN MADRUGA A ANPA encárgase do Plan Madruga e lévase a cabo cunha empresa externa en horario de 07:45 a 09:00 h.
- HORARIO DE BIBLIOTECA POLAS TARDES. A biblioteca do centro permanecerá aberta de 16 a 18 horas todos os días lectivos, excepto os martes, para consulta ou lectura, durante os meses de

outubro a maio ambos incluídos. O profesorado de garda do centro encargárase da mesma.

- SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES. O profesorado de garda do centro supervisará as actividades desenvolvidas no centro
- PECHE DAS AULAS POLAS TARDES. As aulas polas tardes permanecerán pechadas para evitar a desaparición de material, polo que o alumnado non poderá acceder a elas salvo para realizar actividades extraescolares.
- REGRESO DO ALUMNADO. Á saída do centro o alumnado quedará baixo a responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais, e farase a entrega seguindo as recomendacións da Secretaría Xeral da Dirección de Centros (ver anexos de autorizacións).
- AUTOBÚS ESCOLAR. O alumnado que ten irmáns/ás na EEI A Marisma pode utilizar o autobús escolar do mencionado centro e está custodiado por un profesor/a do CEP Plurilingüe Santa Mariña.
- SAÍDAS COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES. Para participar nestas saídas nas que se precise transporte ou realizadas fóra de horario lectivo o alumnado traerá a autorización firmada polo pai/nai ou titor/a legal.  
  
Nas actividades extraescolares e/ou complementarias que impliquen unha saída fóra do centro, o alumnado utilizará a vestimenta que a familia considere (agás que se especifique unha indumentaria concreta para realizar a actividade).
- MESTRES/AS DE GARDA. Os/as mestres/as de garda estarán na sala de profesores cando non estean realizando a garda nunha aula.

- CAMBIOS DE CLASE. Nos cambios de clase no caso de que non chegue o/a profesor/a avisarase ao/á compañeiro/a da clase do lado.
- CONTROL DE FALTAS ALUMNADO. O control das faltas de asistencia do alumnado estará visible na mesa do/da mestre/a e as xustificacións gardaranse ata setembro.
- PROHIBICIÓN DE ANIMAIS NO RECINTO. Non se permite a presenza de animais no recinto escolar, agás os autorizados con fins didácticos.
- AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA. As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas que se atende, temporalmente, ao alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Non se enviará ao alumnado sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nelas, que non excederá do tempo que dure a sesión lectiva na que se producise a conduta inadecuada. Correspondéndolle ao profesorado que remita ao alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna/o deba realizar, así como corrixilas e avalialas.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias que se regula no artigo 53 desta orde.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

- CRITERIOS A SEGUIR PARA ASIGNAR O PROFESORADO QUE ACOMPAÑARÁ AO ALUMNADO NAS AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA. FUNCÍONS.

1º Profesorado de garda

2º Profesorado de reforzo na aula

3º Profesorado de reforzo no nivel

4º Profesorado de reforzo noutro nivel

Cando o profesorado decida empregar esta medida deberá acompañar ao alumnado á secretaría do centro para que un maestr@ de garda se faga cargo. Se non hai ninguén dispoñible de garda, avisarase a un mestre ou unha mestra de reforzo.

O profesorado que empregue esta medida deberá cumprimentar 2 documentos que estarán na Xefatura no mesmo día.

Recordamos a importancia de que o profesorado faga a garda na sala de mestras/es.

## **9.2.-CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO** (artigo 11 da lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia)

- No exercicio das función directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.
- No exercicio das función de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo

das probas que na defensa do alumnado os representantes legais poidan presentar.

- O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga o alumno/a a inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición do pai/nai ou titor/a legal unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

### **9.3.- RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS (artigo 13 da lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia)**

- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais/país ou titor/a legal serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.



- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
- O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

#### **.9.4.- PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR**

**Absentismo:** ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10%) do horario lectivo mensual. Decreto 229/2011, artigo 22.

Os centros educativos temos a obriga de controlar e rexistrar as incidencias que teñan que ver coa asistencia do alumnado aos centros, de informar ás nais, aos pais ou as persoas tiores/as legais do alumnado e cando proceda, á Inspección Educativa. Decreto 229/2011, artigo 23.

**Protocolo de absentismo:** conxunto de actuacións coordinadas que se activa cando se produce un caso de absentismo escolar, coa finalidade de garantir a asistencia do alumnado aos centros educativos.

##### **Finalidade do protocolo:**

- A prevención do absentismo, tratando de manter ao alumnado no sistema educativo.
- Establecer un marco conceptual claro para os centros.

- Facilitar o deber de control e comunicación da asistencia a clase do alumnado, unificando o procedemento de actuación en cada un dos centros.
- Guía para prever e abordar o absentismo para dar unha resposta flexible, eficaz, áxil e coordinada con outros axentes as situacións plantexadas.
- Implicar as familias na asistencia continuada.

O centro seguirá o **protocolo de absentismo** elaborado pola Consellería de Educación que consta de:

- **Introdución** na que se subliña que a asistencia a clase é un dereito do alumnado e unha obriga a súa garantía por parte dos pais, pais ou representantes legais do alumnado.
- **Conceptos**
  - \* Absentismo
  - \* Protocolo de absentismo
  - \* Faltas de asistencia do alumnado xustificables

Son faltas xustificables:

- Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo graos.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Indisposicións.
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica
- **Medidas preventivas**
- **Control de asistencia e rexistro das ausencias**

- **Expediente de absentismo**
- **Notificación de indicios de desprotección**
- **Confidencialidade e rexistro de datos**
- **Anexos de modelos documentais (10 anexos)**
- **Esquema de procedemento**
- **Marco normativo sobre absentismo: resumo lexislativo.**

#### **.9.5.- PROTOCOLO TDAH**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación. Ver Anexo VI: Esquema da actuación ante un posible caso de TDAH

#### **.9.6.- PROTOCOLO TEA.**

Actuaremos segundo o protocolo elaborado pola Consellería de Educación. Ver Anexo III: Esquema da actuación ante un posible caso de TEA.

#### **.9.7. PROTOCOLO SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL.**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación.

#### **.9.8-PLAN DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE.**

Seguirase o Plan de igualdade elaborado polo centro.

#### **.9.9.- PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN CONTRA O MALTRATO INFANTIL (RUMI)**

Actuaremos segundo o protocolo de intervención contra o maltrato infantil no ámbito educativo elaborado pola Consellería de Educación.

#### **.9.10-PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DO RISCO SUICIDA**

Seguirase o protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo elaborado pola Consellería de Educación.

#### **.9.11- PROTOCOLO PROTECCIÓN DE DATOS**

Actuaremos segundo o protocolo de protección de datos elaborado pola Consellería de Educación. (Ver anexo Modelo de autorización de imaxes).

#### **.9.12.- PROTOCOLO ALUMNADO CON DISCAPACIDADE AUDITIVA**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación para atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

#### **.9.13.- PROTOCOLO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación para a atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

#### **.9.14.- PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA DA DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DO APRENDIZAXE.**

..

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades de aprendizaxe

#### **.9.15.- PROGRAMA ALERTA ESCOLAR**

É un programa que quere facilitar a atención inmediata e eficiente dos nenos/as escolarizados que teñen unha patoloxía crónica e poden desenvolver en calquera momento unha crise.

Ditas patoloxías son:

- Crises alérxicas (por alerxia a algún alimento).
- Crises comiciais (epilepsia).
- Crises diabéticas (diabetes).

Pasos a seguir:

- 1.- Ter un informe médico.
- 2.- Asinar un formulario do 061 por parte do pai/nai ou titor legal do alumno/a coa conformidade de rexistro de datos en arquivos informáticos.
- 3.- O centro tramitará o expediente a Urxencias Sanitarias 061.
- 4.- Urxencias Sanitarias confirmará o rexistro.
- 5.- Se é necesaria algunha especialidade farmacéutica deberá ser achegada pola familia, rotulada co nome e renovada cada curso.
- 6.- Cando ocorra algunha situación que afecte ao neno/a chamar ao 061 e seguir as instrucións.

#### **.9.16.- ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería.

#### **.9.17.- ALUMNADO CON ENFERMIDADES CRÓNICAS**

Seguirase o protocolo elaborado pola Consellería de Educación de Atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidades crónicas.

#### **.9.18.- ALUMNADO CON DIABETES**

Seguirase a addenda de Atención ao alumnado con diabetes, elaborada pola Consellería de Educación.

### **.9.19.- PROTOCOLO EDUCATIVO DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO**

Seguirase o Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, elaborado pola Consellería.

### **.9.20.- PROTOCOLO DE ATENCIÓN TEMPERÁ**

Seguirase o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá da Xunta de Galicia.

### **.9.21.- PROCEDIMIENTO CORRECTOR DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA**

Seguirase o Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia da Xunta de Galicia

### **.9.22.- ABORDAXE ADMINISTRATIVA DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA: ORIENTACIÓNS**

Seguiranse as orientacións da abordaxe administrativa de condutas contrarias ás normas de convivencia da Xunta de Galicia

### **.9.23.-PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO**

#### **.9.23.1-Toma de contacto co centro**

O Equipo Directivo é quen establece a relación nos primeiros momentos coas familias do alumnado de procedencia estranxeira. Así o proceso de **matriculación** será un verdadeiro e eficaz momento de acollida.

Cando vaian a matricular o alumno/a explicaráselles como é o Sistema Educativo Español, se descoñecen a nosa lingua e van acompañados por alguén que si a entenda.

Sería desexable que este primeiro contacto coa familia sexa realizado pola xefa de estudos e de non ser posible o fará o secretario do centro.

### **.9.23.2- Información ás familias**

Unha vez feito o trámite da matrícula a xefa de estudos ou o secretario procederán a informar a familia sobre cuestións da organización do centro: horarios, vacacións, normas internas, asistencia, avaliacións, hora de atención aos pais, material escolar necesario...

A compra dos recursos necesrios estará determinada polo seu nivel de competencia lingüística e curricular, polo que será conveniente esperar algún tempo para a compra definitiva.

Informaráselles sobre a existencia dos **Servizos Sociais do Concello**.

Ao remate desta entrevista a Xefa de Estudos ensinará aos pais e @alumn@ as instalacións máis representativas do centro como son a aula, biblioteca, ximnasio, secretaría e dirección. Este é un momento moi emotivo no que os pais coñecen o lugar onde deixarán @ fill@ a maior parte do día ,

### **.9.23.3.- Recollida de datos e comunicación coas familias**

Aproveitárase o momento da matriculación para recoller da familia unha información máis precisa, sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa, situación laboral, intencións de futuro.

Esta tarefa a desenvolverá **o/a Orientador/a** e pode ser completada a entrevista polo mediador cultural do Concello se existe.

## A continuación preséntase o Modelo de Recollida de Información

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INICIAL ( AL UMNADO INMIGRANTE)	
CENTRO _____	CURSO _____

DATOS PERSOAIS	
Nome: _____	Apelidos _____
Data de nacemento: _____	
Domicilio: _____	

Localidade: _____	Teléfono: _____
Nacionalidade: _____	Lingua de orixe : _____
Tempo de residencia en España: _____	

DATOS MÉDICOS	
Problemas de saúde : _____	
Datos evolutivos destacables: _____	
Centro de saúde: _____	
Nome do pediatra: _____	

DATOS FAMILIARES	
Nome da nai : _____	Tempo de residencia en España : _____
Nome do pai: _____	Tempo de residencia en España _____
Domicilio familiar: _____	
Localidade: _____	Teléfono: _____

DATOS ACADÉMICOS			
Anos e nivel de escolarización no seu país de procedencia _____			
¿Estivo escolarizado antes en España?	SI	NON	¿Canto tempo e onde?
_____			
Nivel de coñecementos da lingua galega			
Expresión oral _____	Comprensión oral _____		
Expresión escrita _____	Comprensión escrita _____		
Nivel de coñecementos da lingua castelá			
Expresión oral _____	Comprensión oral _____		
Expresión escrita _____	Comprensión escrita _____		
Solicitude de exención da lingua galega	SI	NON	(5 <sup>º</sup> e 6 <sup>º</sup> )
Nivel de competencia curricular noutras áreas: _____			
Medidas de atención á diversidade aplicadas anteriormente: _____			

### 9.23.4.- Itinerario de escolarización

Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos



apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial (realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor), que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente. Esta medida só se aplicará nas etapas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar calquera desas etapas, dentro dos límites de idade establecidos.

Se houber outras necesidades educativas, **o Departamento de Orientación**, realizará a avaliación pedagóxica pertinente.

Despois disto de adoptarán **medidas de tipo curricular**, *establecidas* con carácter xeral para **a atención á diversidade**: Reforzo educativo, adaptacións curriculares, flexibilizacións da idade de escolarización. Ou ben **medidas de tipo organizativo**, que teñen o carácter xeral de agrupamentos flexibles e temporais, son específicas para o alumnado procedente do estranxeiro: grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

Co que se vaia facer, citaremos os pais da/o alumna/o para que @ titor/a lle comunique o proceso que se vai levar a cabo co/a fillo/a.

### **.9.23.5- Relación con outros servizos**

A finalidade de integrar o máis pronto posible escolar e socialmente o alumnado e as familias que proceden do estranxeiro, é unha tarefa que debe ser abordada interdisciplinariamente.

É de utilidade coñecer o funcionamento da Delegación de Goberno respecto á inmigración, así como coñecer se teñen regularizada a súa asistencia sanitaria e onde deben acudir no caso de enfermidade ou accidente. E conveniente poñerse en contacto con **Servizos Sociais do Concello**.

### **.9.23.6- O primeiro día de clase**

O primeiro día de clase é un momento moi importante para o alumnado que chega de fora. A súa rápida integración dependerá en boa medida de como se sinta acollido no centro e na clase e de como se relacione os primeiros días cos seus compañeiros e o seu titor.

O/A titor/a debe:

- Proporcionar ó alumnado que acaba de chegar unhas pautas de traballo e normas de convivencia
- Que coñeza os espazos da aula e do uso común do centro
- Que o grupo clase sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva.

Por todo isto é necesario facer unha preparación para recibilo, sen deixar estes momentos á improvisación.

## **Preparación**

O/A titor/a repasará antes deste primeiro día todos os datos do alumnado novo, tratando de facerse cargo das posibles dificultades antes de recibilo. Se é posible preparará tamén o grupo clase falando do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade, cultura etc. E estimulando a acollelo dun xeito o máis positivo posible.

## **Recepción**

Se o primeiro día o novo alumno achégase ó centro acompañado dun familiar, a persoa que o atendeu cando se matriculou, xunto co/a titor/a daranlle a benvida. Dependendo da idade do alumno deixaremos que o familiar lle acompañe ata a aula

## **Presentación e relación cos compañeiros**

Unha vez na clase o primeiro será preséntalo ós compañeiros dun xeito acolledor e pódese usar algún xogo para aprender os nomes dos demais

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro,, evitando o seu illamento inicial.
- Presentalo a outros compañeiros, profesorado, persoal non docente.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias.
- Colaborar co titor/a comunicándolle as dificultades que detecte.

Este será o modelo de documento para o alumnado titor.

ALUMNO TITOR

Nome: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Tutela a :

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

ALUMNA TITORA

Nome :

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Tutela a:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

APELIDOS _____
NOME _____ CURSO _____
TUTELA A : _____
DATA DE INICIO _____

**FUNCIÓN:**

1. Facilitar a integración de  
\_\_\_\_\_
2. Preséntalle a outr@s compañeir@s , profesorado, persoal non docente,etc.
3. Mostrarlle as instalacións e axudarlle a orientarse no centro os primeiros días
4. Tratar de resolver os problemas iniciais de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares
6. Colaborar c@ titor/a comunicándolle os problemas que detecte

### **Pautas de acollida na aula**

Co alumnado que non fale nin galego nin castelán, haberá que buscar a comunicación apoiándonos en gráficos, xestos e imaxes. Evitar que estea incomunicado moito tempo: ánimo a participar no recreo, que non estea so nas entradas e saídas.

O/A titor/a é o referente principal para este alumnado. Correspóndelle ser o dinamizador do grupo da clase, facilitando a relación entre todos, apoiando en todo momento o novo alumnado para lograr a súa integración no prazo máis curto posible.

### **.9.23.7.- Designación do alumnado titor**

Os compañeiros lle poden prestar á persoa que acaba de chegar moitas axudas, no caso de descoñecemento da lingua. Para volver canto antes á normalidade da aula é unha boa experiencia designar temporalmente a figura do alumnado titor.

Durante os primeiros días é de utilidade que se lle asigne un compañeiro que sexa unha persoa ben predisposta, acollidora e comunicativa para sentar o seu lado e axudarlle. A figura irase variando entre todos os compañeiros da clase.

### **.9.23.8.- Algúns exemplos de actividades na aula**

O profesorado titor establecerá a súa propia estratexia para que a dinámica da aula favoreza a acollida do alumnado que procede do estranxeiro. As actividades e os cambios de dinámica para lograr unha integración do alumnado inmigrante non poden dirixirse só a este, se non a todo o grupo da titoría para logo estenderse a todo o centro.

Convén organizar algunha actividade inicial na que se preveza que o alumno poida participar e que sexa para el significativa: xogos, presentación de murais, traballos con soporte visual...

Tamén é conveniente os primeiros días centrar o esforzo en preparar actividades que faciliten a avaliación inicial e amosen as habilidades e

coñecementos básicos que posúe , de xeito que poidamos establecer o seu nivel curricular.

Desenvolveranse actividades e situacións que permitan a aprendizaxe cooperativa: formar grupos con membros de diversas capacidades, de distintas etnias ou culturas, nos que o alumnado estranxeiro achegue aspectos da súa cultura e os costumes da súa escola anterior.

E moi importante facer participar activamente o novo alumnado naqueles aspectos nos que sexa competente, fomentando a súa estima e confianza: que se exprese na súa lingua, manifestando as súas habilidades na expresión plástica e musical, na educación física, ou calquera outra área na que non medie deforma relevante a lingua de acollida.

#### Actividades dirixidas especificamente ao alumnado estranxeiro

- Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, horarios de traballo.
- Facer que o alumnado inmigrante sexa o protagonista e dea a coñecer a súa cultura.
- Informar sobre o sistema educativo: etapas, niveis, saídas profesionais

#### Actividades dirixidas a todo o alumnado

- Informar sobre os países de procedencia do alumnado inmigrante.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.
- Programar conferencias sobre as culturas e culturas dos países de orixe.

- Programar semanas culturais dedicadas ao coñecemento mutuo das distintas culturas que conviven no centro: artesanía, gastronomía, folclore, costumes,...

A utilización destes contidos debe conducir a un maior coñecemento e enriquecemento mutuo.

#### **.9.24.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.**

A Comisión de Convivencia será quen elabore, dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

##### **.9.24.1 Composición da Comisión de Convivencia**

- A directora, que será a súa presidenta
- A xefa de estudos
- 3 representantes do profesorado
- A dinamizadora da convivencia
- 3 representantes de nais e pais
- A representante da ANPA
- A representante do persoal de servizos
- A orientadora

##### **.9.24.2 Competencias da Comisión de convivencia**

Segundo decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, artigo 6.

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.



- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos temas en que fosen impostas e informar ó consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### **.9.24.3 Periodicidade de reunións**

A Comisión de Convivencia reunirase, cando menos, unha vez ao trimestre. Ademais, reunirase cando a ocasión o requira para ser

informada, consultada ou cando se precise a súa intervención. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.

#### **.9.24.4 Información das decisións**

As conclusións e acordos tomados logo de cada reunión da Comisión de Convivencia poderá ser coñecida por todos os sectores da Comunidade Educativa a través dos comunicados que aquela realice, dos que unha copia se colocará no taboleiro de anuncios.

As decisións que correspondan diante de actuacións por temas disciplinarios serán comunicadas ao titor/a, familia e claustro.

De forma preceptiva, o Consello Escolar, nas súas reunións periódicas, recibirán toda a información que a Comisión de Convivencia xere.

#### **.9.24.5 Coherencia na aplicación das normas**

A comisión de convivencia garantirá que as normas de convivencia se apliquen de forma coherente por todos, e cunha finalidade esencialmente educativa.

#### **.9.24.6 Aula de convivencia inclusiva**

Creouse unha aula de convivencia inclusiva segundo artigo 25 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, o seu obxectivo é substituír, no caso que se considere oportuno, o tempo de expulsión do alumno/a que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

O profesorado que atende á aula de convivencia é o de garda, organizado por xefatura.

Na aula realizaranse actividades, en horario de 9 a 14 horas, propostas polo profesorado que lle imparte clase en colaboración co Departamento de Orientación. Entre as actividades haberá algunhas encamiñadas á reflexión por parte do alumno/a.

A aula está situada na 1º planta ao lado da biblioteca e conta con material didáctico axeitado.

Cando un alumno sexa derivado á aula de convivencia será informada previamente a familia.

## **.9.25. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

### **.9.25.1 Normas que regulan a convivencia na aula e no Centro.**

- Todos os alumnos/as cumprirán e respectarán os horarios aprobados para o desenvolvemento das distintas actividades do Centro.
- Os alumnos/as mostrarán respecto cara ao profesorado, cara aos seus compañeiros/as e a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Os alumnos/as obedecerán as indicacións de todo o profesorado e do persoal adulto adscrito ao Centro.
- Os alumnos virán ao Centro vestidos correctamente e debidamente aseados.
- As discusións e disputas deben arranxarse falando e non pelexando, evitando a agresión verbal e física.
- Os alumnos non poderán saír do Centro durante o período lectivo sen ir acompañados dun dos seus pais ou persoa autorizada, previamente firmando unha autorización en secretaría.
- Os alumnos/as non utilizarán teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos/tecnolóxicos durante os períodos lectivos, nin en actividades ou saídas extraescolares. No caso de

traelos ao centro serán depositados na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición do pai/nai ou titor/a legal unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar. Excepcionalmente, nos casos en que a/o menor teña que traelo, por razóns persoais e co coñecemento das familias, serán entregados, ao comezo da xornada, ás/aos titoras/es ou, no seu defecto, na dirección do centro.

- Está prohibido que o alumno/a leve, tanto dentro do recinto escolar como nas actividades complementarias ou saídas extraescolares, calquera obxecto, substancia ou produto que resulte perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumno/a ou dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
- Non se permite o reparto de invitacións a aniversarios ou outros festexos de carácter persoal.
- Non está permitido que persoas que non formen parte do profesorado do centro fagan fotos dentro do recinto escolar, salvo autorización por un motivo xustificado da dirección do centro, debido a que hai alumnado sen autorización de imaxe.
- Tanto o alumnado como o profesorado e o resto do persoal do centro debe ser puntual.
- O profesorado acudirá dunha clase á outra coa máxima dilixencia posible, dentro da estrutura do centro, para que non se produzan problemas de convivencia nas aulas.
- Si un profesor/a se incorpora ao centro unha vez comezado o horario lectivo ou se ten que ausentar deberá presentarse ante o/a xefe/a de estudos ou o/a director/a.

- Durante o horario lectivo non se subirá o material ás aulas, depositarase en secretaría ata que o alumnado o recolla.
- Ningún alumno/a , sen autorización dun profesor/a, permanecerá nas pistas ou dependencias do centro despois da hora de saída.
- O profesorado deberá respectar e facer respectar as normas de convivencia.
- O profesorado colaborará na prevención, detección e erradicación de condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- O profesorado informará aos pais, nais, titores ou titoras legais sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos.
- O profesorado informará sobre as alteracións de convivencia gardando sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- O profesorado gardará sigilo profesional sobre os temas tratados nos claustros, reunións de Departamento de Orientación, CCP e reunións das sesións de avaliación.
- O profesorado, persoal administrativo e de servizos deberá ser respectado e valorado polo resto da comunidade educativa.
- Os pais, nais, titores ou titoras legais serán respectados e recibirán un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- O persoal de administración e servizos gardará sigilo profesional respecto das actuacións de ámbito educativo das que teña coñecemento.

#### **.9.25.2 Normas que regulan o coidado e utilización dos materiais e instalacións da aula e espazos comúns do Centro.**

- Os alumnos coidarán as instalacións e o material do Centro usándoas de forma correcta.

- A limpeza tanto na aula como nos espazos comúns e no patio, debe ser obxecto permanente do noso Centro polo que se porá o máximo esmero en non tirar papeis e outros obxectos ao chan, non pintar as paredes e o mobiliario escolar e manter o colexio nas mellores condicións de limpeza posible.
- As saídas e entradas polos corredores realizaranse en silencio e en orde.
- Os desprazamentos tanto colectivos dun grupo-clase como individuais polo recinto escolar realizaranse con orde e gardando a debida compostura, evitando carreiras, saltos, asubíos, gritos, etc. Así como tirar residuos e calquera outra actitude que vaia en detrimento do bo funcionamento escolar, co fin de non molestar ao resto do persoal do centro.
- Evitarase no posible as saídas de clase, procurando que os corredores do centro non se convertan nunha trasfega de persoal dunha dependencia a outra.
- Durante o tempo de recreo ningún alumno/a poderá permanecer na aula nin nos corredores a non ser que se atope con algún profesor/a.
- No momento de ir ao recreo cada alumno/a recordará o que ten que coller da clase co fin de evitar entradas e saídas innecesarias.
- O profesor/a será o último en saír da clase cando soe o timbre.
- Como medida para mellorar a vixilancia do recreo dividiuse o patio en zonas das que se encargará cada grupo de mestres/as. O cuadrante está exposto na sala de profesores.
- O profesorado encargarse da vixilancia do recreo atendendo ás zonas establecidas no taboleiro da sala de profesores pondo especial atención en previr actitudes violentas, vexatorias ou degradantes entre o alumnado.

- As quendas de vixilancia de recreo realizaranse tendo en conta a ratio 1/50.
- Durante o recreo haberá tamén dous mestres/as na biblioteca para atender ao alumnado que utilice a mesma.
- En días especiais como magosto, Entroido, festa fin de curso, etc. todo o profesorado vixiará o patio.
- Os días de chuvia todo o profesorado fará as gardas segundo as quendas establecidas para eses días.
- Os días de choiva a Biblioteca do centro só terá servizo de devolución.
- Intentaremos que os nenos/as vaian ao servizo na hora do recreo.

### **.9.25.3. Normas que regulan a actividade académica e o traballo na aula.**

- O estudo e o traballo académico é un deber fundamental do alumnado quen tratará, en función das súas posibilidades, de mellorar a súa formación, pondo para iso o máximo esforzo e interese.
- Os alumnos/as traerán ao colexio o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades académicas.
- Cada profesor/a regulará e exporá aos alumnos/as a principio de curso as normas xerais que regulan as actividades e o traballo da súa área.
- Cando un curso teña que ir a unha dependencia do Centro distinta á da súa aula, farao acompañado polo profesor correspondente e gardando a orde e silencio, para non entorpecer as actividades académicas dos compañeiros doutras clases.
- O alumnado necesita permiso do profesorado para ausentarse da aula.

- É deber fundamental de todos os alumnos/as respectar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros/as de clase.
- Así mesmo, os alumnos/as manterán atención ás explicacións do profesor/a.
- O profesor/a respectará a personalidade de cada alumno/a sen facer distincións. escoitará a cada alumno/a e intentará comprendelo e axudarlle.
- O profesor/a deberá combinar as actividades docentes coas educadoras, de forma que sirva de apoio e estímulo ao alumnado para superar as posibles dificultades.
- Nas clases non se poden inxerir alimentos, doces, gomas de mascar ou bebidas distintas de auga, salvo casos excepcionais.
- As faltas de asistencia ao Colexio xustificaranse polos procedementos establecidos.

#### **.9.25.4.- Material Imprescindible para o desenvolvemento das sesións de Educación Física**

- Vestimenta axeitada e cómoda: chándal, mallas, pantalóns curtos, camisetas, calcetíns, etc.
- Calzado deportivo: É obrigatorio que o calzado para realizar as sesións de Educación Física no ximnasio e no pavillón, se traia nunha bolsa e se calce ao comezo da sesión, para así coidar as instalacións.
- Bolsa de aseo persoal, con xel ou xabón líquido, unha toalla e unha camiseta limpa.



**.9.25.5.- Protocolo para informar sobre os resultados de probas escritas, solicitar e entregar copias das mesmas.**

- Os exames e probas escritas de avaliación orixinais deben quedar no centro, custodiados polo mestre de cada materia.
- Os/as pais/nais, titores/as que soliciten fotocopia das mesmas, deben seguir as seguintes instrucións:
- Pedir unha cita co/a titor/a ou mestre/a da materia para ver e comentar a proba.
- Se despois de ver a proba desexan unha copia, poderán solicitala por escrito na secretaría do Centro.
- Debe ser unha solicitude individualizada para cada proba.
- As copias deberá recollelas na secretaría do Centro a propia persoa solicitante.

**.9.25.6.- Normas que regulan a realización de actividades complementarias e extraescolares dentro do centro.**

Ademais das normas anteriormente especificadas, nas actividades complementarias e extraescolares dentro do centro contemplaranse as seguintes normas con respecto aos monitores:

- Os monitores desenvolverán o seu traballo coas debidas garantías de seguridade e hixiene.
- Terán a consideración e o respecto debidos como membros da comunidade educativa.
- Recibirán a información necesaria para realizar as súas funcións eficazmente e formularán ante a Dirección do Centro cantas suxestións estimen oportunas.
- Contribuirán ao desenvolvemento dun bo clima de convivencia no Centro e atenderán as súas funcións con puntualidade e profesionalidade.

- Serán os encargados de recoller ao alumnado na entrada antes de realizar a actividade e saír con el cando remate a actividade.

#### **.9.25.7. Normas que regulan a realización de actividades fóra do centro.**

Ademais das normas anteriormente especificadas, nas actividades complementarias e extraescolares fóra do centro contemplaranse as seguintes normas:

- Observar un comportamento correcto coas persoas e instalacións ou do lugar que se visita.
- Os alumnos/as permanecerán en grupo ao longo da visita, podéndose separar del só co permiso do profesor/a.
- Durante o traxecto no autobús ou medio de transporte utilizado, observarase un comportamento correcto en todo momento.
- Para participar nas saídas extraescolares nas que se precise transporte ou realizadas fóra de horario lectivo o alumnado traerá a autorización firmada polo pai/nai ou titor/a legal.
- O alumnado que non participe nas saídas extraescolares deberá acudir ao centro e realizar as actividades que se lle indiquen.
- Aquel alumno/a que non cumpra as normas non asistirá ás actividades extraescolares fóra do centro por un período ata dúas semanas.

#### **.9.25.8.- Outras normas de convivencia**

Ademais de ter en conta o protocolo de alerta escolar haberá que seguir unhas liñas de actuación no caso de alumnado accidentado ou enfermo:

- Cando un alumno/a se encontre mal avisarase á familia para que o veñan a buscar no caso de gravidade e de non localizar á familia avisarase ao 061.

- Cando un alumno/a sufra un accidente no colexio o mestre/a máis próximo/a atenderao/a, valorará a gravidade e aplicará a primeira cura si o estima oportuno.
- Si se aprecia que o accidente ten perigo para o alumno (golpe na cabeza, ferida aberta...) chamarase aos pais para que valoren se precisa asistencia médica.
- Si se aprecia gravidade ou risco inminente (hemorraxia, mareo, fractura, etc) chamarase ao 061, trasladarase ao Centro de Saúde avisando aos pais ou titores legais para que acudan alí.
- No caso dun golpe nas costas, pescozo, cabeza,...con perda de conciencia, quedará prostrado, non se tocará nin moverá da súa posición para evitar agravar a posible lesión. Chamarase ao 061 e avisarase aos pais ou titores legais.
- Como norma xeral, o profesorado non proporcionará ao alumnado medicación algunha. Cando por enfermidade crónica, ou por outros motivos, algún alumno/a necesite coidados médicos ou administración dalgún medicamento durante o período lectivo os pais autorizarán por escrito acompañado dun informe médico onde se especifiquen exactamente que se require, os motivos e a periodicidade, sempre que non requira preparación sanitaria específica.

## .9.25.9.- Normas E-DIXGAL (5º e 6º E.P.)



### **Acordo de cesión de uso de netbook do alumnado do equipamento Abalar para proxecto E-DIXGAL**

**D./Dna \_\_\_\_\_, con DNI Nª \_\_\_\_\_, pai/nai/titor legal de \_\_\_\_\_, alumno/a do curso 5º de Educación Primaria do centro “CEP Plurilingüe Santa Mariña” de Redondela**

#### **É INFORMADA/O:**

1. Que o centro participa no proxecto E-DIXGAL para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, o cal require a posta a disposición do alumnado do centro de ordenadores para a realización das súas tarefas escolares.
2. Que o centro ten a súa disposición o netbook marca Hp, modelo \_\_\_\_\_

#### **ACEPTA AS SEGUINTE CLÁUSULAS DE PRÉSTAMO DO EQUIPO:**

##### **PRIMEIRA. OBXECTO.**

Mediante este acordo o centro cede o uso do ordenador descrito ao alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares coas condicións e normas recollidas neste documento.

## SEGUNDA. CONDICIÓN DE USO

- a. O/a alumno/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo seu profesorado. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas. A utilización non permitida do equipo será recollida como falta no Plan de convivencia do centro.
- b. O/a alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse ao titor do curso de calquera desperfecto observado no equipo no menor prazo posible.
- c. O/a alumno/a comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.
- d. O ordenador deberá devolverse ao rematar o curso e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
- e. O profesorado e o coordinador E-DIXGAL do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno coa fin de constatar o seu estado.

## TERCEIRA. RESPONSABILIDADE

Responsabilízome do correcto coidado e uso do equipo, respondendo da perda do ordenador ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que podan producirse na utilización diaria do equipo e estean recollidas na súa garantía.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202

**Asdo.: pai/nai/titor legal**

**(DÚAS COPIAS UNHA PARA O CENTRO E OUTRA PARA PAI/NAI/TITOR LEGAL)**

## **.10.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.**

Son moitas as actividades do centro nas que participan as familias e nas que contamos coa colaboración especial da ANPA, dado que traballan de xeito coordinado coa nosa biblioteca escolar para a dinamización do centro. Entre outras, podemos destacar:

- \* O magosto; realización de xogos populares e degustación de castañas.
